

ASOCIACION SAN XEROME EMILIANI

ESTATUTOS

En A GUARDA, a 31 de MAIO de 2025

TÍTULO I DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Art. 1º DENOMINACIÓN

A entidade rexida polos presentes estatutos denomínase *Asociación San Xerome Emiliani*.

A Asociación carece de ánimo de lucro, tanto na súa xestión como no momento da súa disolución, e non está sometida a un réximen asociativo específico. En ningún dos casos distribuirá os posibles beneficios entre seus asociados. A mesma ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e o exercicio das súas funcións, independente da dos seus asociados; como consecuencia será suxeito de dereitos e de obrigacións e ten aptitude legal para poseer bens de todas clases, adquiridos a título oneroso ou gratuito, así como para dispoñer de eles, con suxección á lei e aos presentes estatutos.

A entidade rexirase polo establecido nos presentes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación e polas normas complementarias que lle sexan de aplicación e ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española.

Art. 2º OBJECTO

A Asociación San Xerome Emiliani é unha organización promovida por pais, familiares e amigos de persoas con discapacidade intelectual/diversidade funcional : Parálise Cerebral, Autismo, Síndrome Down, Diversidade intelectual, Enfermedades raras e demais que infiran de maneira determinante do desenvolvemento integral da persoa, que facilita ás persoas con discapacidade intelectual e as súas familias apoios

Con data do 04-07-2025 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1977/000413-1.

Asinado por: SISTEMA ÚNICO DE REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA
CVE: XGREX-0616e426-58da-3134-9460-dc9433477d3a | Verificación en: <https://sede.xunta.gal/cve>



CVI: P7/07mmoy2a10 <https://sede.xunta.gal/cve>

e servizos profesionalizados que favorezan o seu crecemento persoal, integración sociolaboral, igualdade de oportunidades e desenvolvemento comunitario.

Para mellorar a calidade de vida dos seus destinatarios, a asociación intervén e presta servizos profesionalizados no ámbito persoal, educativo, familiar e social, coa contribución de persoas voluntarias e outros axentes sociais.

Art. 3º MISIÓN, FINS E ACTIVIDADES

A Asociación tendrá as seguintes finalidades, promocionar a inclusión das personas con discapacidade intelectual/diversidade funcional, sin ánimo de lucro e sen ocupación de cuestións políticas, inspiradas na Declaración dos Dereitos Humanos, así como na Constitución Española, e no Estatuto de Autonomía para Galicia:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual/diversidade funcional e das súas familias; promovendo a súa inclusión social.
- b) Despertar a conciencia pública sobre esta realidade no aspecto social e familiar.
- c) Fomentar os estudos referentes á promoción e desenvolvemento integral das citadas persoas.
- d) Apoio á creación e promoción de investigación para a formulación do diagnóstico e a indicación do tratamento propio de cada caso.
- e) Organizar, patrocinar, fomentar e xestionar a fundación de centros de apoio e de escolas de ensinanza e talleres de aprendizaxe e formación profesional e/ou creando apoios orientados a mellorar a calidade de vida das citadas persoas.
- f) Buscar a colaboración de empresas e organismos públicos e privados, que podan proporcionar postos de traballo a aquelas persoas con discapacidade intelectual/diversidade funcional que sexan idóneas para os mesmos.
- g) Fomentar a igualdade de oportunidades das citadas persoas.
- h) Promocionar, acompañar e axudar as súas familias.
- i) Favorecer a comprensión, a inclusión e a solidariedade das citadas persoas por parte da sociedade.



j) Prestar todo tipo de servizos á la xuventude con diversidade funcional.

k) Calqueira outra actividade que a Xunta Directiva considere adecuada para o cumprimento da Misión e fins da Asociación.

A anterior enumeración non ten carácter limitativo, podendo actuar amplamente a Asociación dentro da finalidade prevista.

As actividades da Asociación serán as seguintes:

Atención temperá (de cero a seis anos).

Educación especial (de seis a vinteun anos).

Centro de Adultos. (Centro de Día)

Centro de Adultos. (Centro Ocupacional)

Comercio ao por menor de produtos realizados pola asociación, así como de produtos de comercio xusto e de economía social.

Club deportivo.

Club de ocio.

Respiro familiar.

Pisos tutelados e residencias.

Atención familias.

Sensibilización.

Promover, apoiar e desenvolver proxectos formativos, educativos, actividades culturais e informativas. Para o que pode levar a cabo a edición de libros, material cultural e educativo, tamén en forma de revistas e folletos, casetes, vídeos, CD, DVD, internet e outros soportes que no transcurso do tempo vaian aparecendo. Tamén incorporarse a Federacións, Asociacións e Organismos Públicos e Privados de carácter provincial.

Realizar exposicións, conferencias, concertos, talleres, mesas de traballo, seminarios, congresos e calqueira evento que posibilite o desenvolvemento dos seus fins.

Promover o alquiler e a compra de terreos ou inmobles, de modo que se podan desenvolver ocasional o permanentemente os fins da Asociación.

Art. 4° DURACIÓN

Esta Asociación se constitúe por tempo indefinido salvo causa legal ou estatutaria de disolución.

Art. 5° DOMICILIO

O domicilio da Asociación sitúase na rúa Galicia, n° 23, A Guarda (Pontevedra). A Asamblea poderá acordar o cambio de domicilio sempre dentro da provincia de Pontevedra.

Art. 6° ÁMBITO GEOGRÁFICO

O ámbito geográfico de actuación da Asociación comprende principalmente a Comarca do Baixo Miño (os Excmos. Concellos de A Guarda, Sta. María de Oia, O Rosal, Tomiño e Tui), da Provincia de Pontevedra.

CAPITULO II ASOCIADOS

Art. 7° ASOCIADOS

Son asociados os pais e titores legais dun menor de idade ou incapacitado xudicialmente, que teñan ó seu cargo persoas con discapacidade intelectual/diversidade funcional que sexan ou foran usuarios dalgún servizo da asociación; cun máximo de dúas persoas por familiar con discapacidade intelectual/diversidade funcional.

Así mesmo, poderán continuar sendo asociados os pais e titores legais de usuarias/os dos servizos da Asociación que foran baixa por falecemento.

Art. 8° SOLICITUDE DE INGRESO

Toda solicitude de ingreso será dirixida á Xunta Directiva. Deberá de ser individual, voluntaria e expresar a plena aceptación dos estatutos e seu compromiso coas finalidades da Asociación e o pago das cuotas ordinarias e extraordinarias. A citada solicitude deberá reunir todos os datos identificativos e domiciliarios da persoa con discapacidade intelectual/diversidade funcional e da



- g) Contribuír ao maior prestixio da Asociación e ao cumprimento dos seus fins.
- h) Respetar aos integrantes da Asociación.
- i) Comunicar a Asociación calqueira cambio da súa dirección ou de situacións que afecten ao seu carácter de asociada/o.

Art. 11° SEPARACIÓN OU BAIXA

Os socios poderán causar baixa polas seguintes causas:

- a) Por petición propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida a secretaría da Asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.
- b) Por non abonar a cuota a que se houberan comprometido e coa periodicidade o tempo acordado. Pasado o prazo de un mes desde a comunicación de impago e non aboada a cuota, causarán baixa como socia/o coa simple comunicación da Xunta Directiva.

A persoa que perdese a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada , se no prazo de seis meses desde a notificación abonase as cotas pendentes de pago.

- c) Por suspensión definitiva dos dereitos como socia/o, en resolución adoptada pola Xunta Directiva, decisión que pode ser recurrida diante da Asamblea Xeral no prazo de dez días.
- d) O incumplimento de calqueira das obrigacións establecidas nos presentes Estatutos, en resolución adoptada pola Xunta Directiva, decisión que pode ser recurrida diante da Asamblea Xeral no prazo de dez días.
- e) Por ter perdido as condicións necesarias para ser asociada/o, en resolución adoptada pola Xunta Directiva.



persoa a cuio cargo se encontre, ou ben padres ou familiares; así como previamente o equipo técnico da Asociación examinará e elaborará un diagnóstico da persoa con discapacidade intelectual/diversidade funcional, para ver si cumpre os parámetros marcados para súa admisión. A persoa con discapacidade intelectual/diversidade funcional deberá ser un usuario de calqueira servizo que se preste dende a asociación.

A citada solicitude de ingreso será resolta pola Xunta Directiva; podendo exercer seus dereitos unha vez transcurridos seis meses dende a admisión, a excepción de ser elexibles para cargos directivos, que se precisará unha antigüidade como asociado de a lo menos dous anos, estar ao corrente de pagos nas cuotas e ter participado activamente nos programas e actividades da Asociación.

As/os futuras/os asociadas/os deben realizar súa solicitude de ingreso 6 meses antes da assemblea anual.

Art. 9º DEREITOS DOS ASOCIADOS

- a) Ter voz e voto na Asamblea Xeral.
- b) Ser electores e elexibles para os cargos sociais, unha vez transcurridos os prazos de carencia especificados nos presentes Estatutos.
- c) Utilizar os bens e servizos que a Asociación estableza.

Art. 10º DEBERES DOS ASOCIADOS

- a) Actuar de conformidade cos presentes estatutos e cumprir os acordos adoptados pola Asociación nas Assembleas Xerais e Xunta Directiva.
- b) Asistir as Assembleas Xerais.
- c) Formar parte da Xunta Directiva en caso de ser elexidos.
- d) Participar nas actividades da Asociación.
- e) Desempeñar os cargos para os que foran elexidos.
- f) Pagar puntualmente as cuotas e demais aportacións que oportunamente se establezan.



5



f) Cando as persoas con discapacidade intelectual/diversidade funcional deixen de ser usuarias dos servizos da Asociación.

En ningún caso a/o socia/o terá dereito a percibir a participación inicial ou outras aportacións económicas realizadas.

O acordó de expulsión deberá ser ratificado pola assemblea xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Art. 12° CUOTAS

A Asamblea Xeral establecerá a cuota ordinaria, que será abonada dentro dos cinco primeiros días de cada vencemento; así como as cuotas extraordinarias ou derramas que considere pertinentes.

Art. 13° MEMBROS HONORARIOS

Sólo terán o carácter de asociadas/os os referidos nos artigos 7 e 8. Como excepción, a Xunta Directiva poderá propoñer a Asamblea Xeral o nombramento de *Membro Honorario* as persoas que teñan prestado algunha axuda especial e de relevante interés á Asociación. Os mesmos en ningún caso serán asociadas/os nin terán ningún dereito nin obrigación atendente aos mesmos.

TITULO II ORGANOS DE GOBERNO

Art. 14°.- Son órganos de goberno da Asociación:

- a) A Xunta Directiva.
- b) A Asamblea Xeral.

Os acordos establecidos por ditos órganos serán de obrigado cumprimento para todas/os as/os asociadas/os. Ademais, con carácter consultivo, poderá acudirse a calqueira asesoramento que a Xunta Directiva considere necesario.



CAPITULO I. A ASAMBLEA XERAL

Art. 15° COMPOSICIÓN

A Asamblea Xeral está constituída polo conxunto de todolas/os asociadas/os con dereito a voto e é o órgano supremo da Asociación. Seus acordos obligan a tódolas/os asociadas/os, aún aos ausentes ou disidentes. Poden participar na Asamblea todolas/os asociadas/os con voz e voto que se encontren en plenitude de seus dereitos.

A mesma pode ser ordinaria ou extraordinaria e amba las dúas deberán de estar presididas pola/o Presidenta/e da Xunta Directiva ou por quen estatutariamente lle sustitúa, asistida/o pola/o Secretaria/o e polos demais membros da mesma.

Art. 16° REPRESENTACIÓN NA ASAMBLEA

No caso de que un ou mais asociadas/os non podan asistir á Asamblea Xeral, poderán facerse representar por outra/o asociada/o a quen outorgarán a delegación en escrito dirixido a/ao Presidenta/e da Asociación.

Art. 17° COMPETENCIAS DA ASAMBLEA XERAL

Suas competencias e funcións son:

- a) Aprobar o Plan de Actuación proposto pola Xunta Directiva, así como examinar e aprobar a xestión correspondente ao ano en curso.
- b) Aprobar o Presuposto presentado pola Xunta Directiva, así como examinar e aprobar os Balances e as Contas anuais do exercicio anterior.
- c) Aprobar o Regulamento de Réximen Interior da Asociación.
- d) Nombrar á Xunta Directiva e renovar ese nombramento. Unha vez nombrados pola Asamblea os membros que van integrar á Xunta Directiva, seus cargos serán distribuídos pola propia Xunta Directiva.



e) Fixar as cuotas ordinarias e extraordinarias si as houbese.

f) Modificar os estatutos.

g) Decidir sobre todas as cuestións que por precepto legal ou estatutario non sexa atribuído á Asamblea Xeral Extraordinaria ou á Xunta Directiva.

h) Resolver sobre aqueles asuntos que someta a súa aprobación a Xunta Directiva.

Os acordos se adoptarán por maioría simple dos asistentes, - presentes ou representados-, e se fará constar, xunto co número de asistentes nun libro de Actas que estará sinaturado pola/o Presidenta/e e a/o Secretaria/o.

Art. 18° COMPETENCIAS E CELEBRACIÓN DA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA

A mesma se celebrará ao menos unha vez o ano, previamente convocada pola/o Presidenta/e, tras acordo da Xunta Directiva ou por petición cursada á mesma, por escrito, da terceira parte, a lo menos, das/os socias/os. Seu anuncio colocárase na carteleira da Asociación, na prensa local ou nunha páxina web da Asociación, con quince días de antelación á data prevista para súa celebración en primeira convocatoria.


A mesma quedará válidamente constituída cando concurran en primeira convocatoria a metade mais un das/os asociadas/os, presentes ou representadas/os.

En segunda convocatoria será válida, calquera que sexa o número de asociadas/os asistentes á mesma, persoalmente ou representadas/os. Entre a primeira e segunda convocatoria mediará como mínimo trinta minutos.

É competencia da mesma a aprobación dos apartados a) e b) referidos no artigo anterior.

Art. 19° COMPETENCIAS E CELEBRACIÓN DA ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

A mesma se reunirá por iniciativa da Xunta Directiva ou a petición cursada á mesma, por escrito, da terceira parte das/os



asociadas/os. Convocarase por escrito con oito días de antelación e quedará válidamente constituída calqueira que sexa o número de asistentes.

En xeral cantos asuntos lles sexan sometidos por a Xunta Directiva por sí ou a petición de al menos 1/3 dos membros numerarios e que por premura de tempo non poidan ser aplazados ata a próxima Asamblea Ordinaria

Serán tamén da súa competencia as seguintes funcións:

- Modificación dos estatutos
- Disolución da Asociación

Estos dous supostos requirirán do acordó, al menos, por maioría de dous tercios.

Se levarán a cabo cando surdan necesidades imprevistas ou urxentes convocando así á Asamblea a todos os socios da Asociación.

CAPITULO II. A XUNTA DIRECTIVA

Art. 20° COMPOSICIÓN E RENOVACIÓN

A Xunta Directiva é o órgano colexiado de goberno, dirección, xestión e administración da Asociación.

A Xunta Directiva está integrada por un Presidenta/e, Vicepresidenta/e, Secretaria/o, Tesoureira/o e un número de vocais non superior a seis. Poderán reemplazarse accidentalmente por enfermidade ou ausencia do titular a algún dos cargos, por designación da/o Presidenta/e.

A duración do mandato dos compoñentes da Xunta Directiva será de catro anos, podendo ser reeleixidos por tempo indefinido. As vacantes que se produzan con carácter definitivo se cubrirán provisionalmente pola Xunta Directiva ata a próxima convocatoria de eleccións.

Art. 21° GRATUIDADE DOS CARGOS



O cargo da Xunta Directiva é gratuito e honorífico; sen perxuízo do dereito a ser reembolsado dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño de esa función lles ocasione.

Art. 22° FUNCIONAMENTO

A Xunta Directiva se reunirá ordinariamente, por lo menos unha vez cada mes e extraordinariamente cando o decida sua/seu Presidenta/e ou Vicepresidenta/e, por sí o a petición de la tercera parte de los componentes de la misma.

A convocatoria realizarase pola/o Presidenta/e ou Vicepresidenta/e. Excepcionalmente, e a juicio da/o Presidenta/e ou Vicepresidenta/e, poderán acudir á reunión da Xunta Directiva persoas non compoñentes da mesma. Todos os membros da Xunta Directiva terán voz e voto nela. Os acordos se adoptarán por maioría das/os asistentes, decidindo, en caso de empate, o voto de calidade da/o Presidenta/e.

Art. 23° FACULTADES DA XUNTA DIRECTIVA

- a) Representar á Asociación.
- b) Nombrar e cesar ao xerente/e da asociación.
- c) Nombrar e cesar aos directores dos servizos a proposta da xerencia.
- d) Vixilar a fiel observancia dos Estatutos.
- e) Organizar os diferentes servizos e seccións.
- f) Administrar o patrimonio e aplicar e interpretar no seu caso, as bases económicas da Asociación, así como administrar os fondos que se recauden para os gastos Xerais da mesma.
- g) Admisión de novos asociados e cese dos mesmos.
- h) Nombrar e despedir persoal empregado e fixar suas retribucións.
- i) Subcontratar.



- j) Elaborar e someter a aprobación da Asamblea Xeral o presuposto anual do exercicio anterior, do Plan de Actuación proposto pola Xunta Directiva, así como a Memoria de xestión correspondente.
- k) Interpretar os Estatutos e o Regulamento de Réximen Interior e velar polo seu cumprimento.
- l) Dictar normas de funcionamento non contempladas no Regulamento de Réximen Interno.
- m) Autorizar e realizar cobros e pagos, así como para todo o movemento de fondos da Asociación, ante Entidades Bancarias, Caixas de Aforros, Organismos Oficiais e do Estado. Tendrá sinatura a/o Presidenta/e, Vicepresidenta/e, Tesorera/o e xerencia, sendo necesaria a sinatura mancomunada de dous de eles.
- n) Aprobar protocolos de actuación nos servizos da Asociación (protocolo de aviso, protocolo de hixiene-persoal, protocolo de emerxencia sanitaria, protocolo de incontinencia, protocolo de medicación, protocolo de agresións, protocolo de autolesiones, protocolo de incidencias, protocolo de detección e intervención en casos de malos tratos, etc.)
- o) E en Xeral, executar todas aquelas actividades que contribúan á consecución dos fins de esta Asociación, así como calqueira outra actividade que non sexa de exclusiva competencia da Asamblea Xeral.

Art. 24° FUNCIÓNS DA/O PRESIDENTA/E

Corresponde a/o Presidenta/e da Xunta Directiva, que o é tamén da Asamblea Xeral:

- a) Ostentar a representación da Asociación en todo momento e velar polo exacto cumprimento das normas estatutarias e reglamentarias.
- b) Convocar e dirixir as Xuntas Directivas, ordenando o cumprimento dos acordos tomados nas mesmas.
- c) Convocar a Asamblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria.



- d) Dirixir as Xuntas e Asambleas, ordenando o debate con facultade de limitar as intervencións cuando resulten excesivas, ben por tempo ou pola forma, tanto en reunións de Xuntas Directivas, como nas Asambleas Xerais.
- e) Autorizar coa súa asinatura, ou delegar en outros membros da Xunta Directiva, todos os documentos de interés reglamentario e os referentes á vida e goberno da Asociación.
- f) Determinar o procedente en caso extraordinario e cuia urxencia non permite convocar á Xunta Directiva ou á Asamblea Xeral, inspirándose sempre no espírito do Estatuto e dando conta da súa determinación á Xunta Directiva.
- g) Aceptar, en nome da Asociación, subvencións, donacións, mandas e legados.
- h) A/o Presidenta/e poderá abrir contas bancarias a nome da Asociación e dispoñer das mesmas mancomunadamente con outro membro da Xunta Directiva autorizado ou coa xerencia do Centro.
- i) Calqueira outra actividade de interés para a execución de estos Estatutos.


Art. 25° SUPLENCIAS DA/O PRESIDENTA/E

Nos casos de ausencia, vacante, enfermidade da/o Presidenta/e, lle substituirá a/o Vicepresidenta/e ou, no seu defecto, a persoa da Xunta Directiva que aquel ou a Xunta Directiva designe, investida/o durante o tempo que dure a suplencia das facultades propias da/o Presidenta/e. A/o Vicepresidenta/e, ademais do Presidenta/e e sen necesidade de suplilo, tamén poderá convocar a Asamblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria.

Art. 26° FUNCIÓNS DA/O SECRETARIA/O

Serán funcións do secretario:

- a) Ostentar a dirección dos traballos administrativos da Asociación.
- b) Custodiar e levar os libros de actas e rexistro de socios e documentos e selos da Asociación.



- c) Redactar as convocatorias e as actas das reunións ademais de expedir certificacións das mesmas con visto bo da/o Presidenta/e.
- d) Comunicación sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais a inscribir nos Rexistros correspondintes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigacións documentais nos términos que legalmente corresponda.
- e) No caso de que o traballo sexa excesivo pode pedir axuda aos vocais.

Art. 27° FUNCIÓNS DA/O TESOUREIRA/O

Serán funcións da/o tesoureira/o:

- a) Custodiar os fondos da Asociación.
- b) Responsabilizarse da boa marcha da contabilidade da Asociación.
- c) Formalizar periódicamente os estados do movemento económico, balances parciais e de fin de exercicio, así como os estudos e informes económicos ou financeiros.
- d) Preparar os presupostos e emitir todos os informes financeiros que sexan oportunos, a efectos da súa presentación para discusión e aprobación pola Xunta Directiva, antes da súa remisión á Asamblea Xeral.
- e) Cuando se faga necesario, propoñer os medios de financiación mais indicados e estimular nos socios o sentido de responsabilidade económica.

Art. 28° FUNCIÓNS DOS VOCAIS

Os vocais da Xunta Directiva, ademais das suas funcións comúns a todos os directivos, presidirán as Comisións de Traballo que se lles designe, se responsabilizarán de zonas geográficas da provincia ou de sectores de atención á discapacidade intelectual/diversidade funcional. Serán tamén colaboradores de todos os cargos da Xunta Directiva e os substituirán, previo acordo



de ésta, cos mesmos deberes e dereitos que cada cargo ten asignado, hasta que se verifique a elección para cubrir vacantes.

Todo membro da Xunta Directiva que sen previo aviso ou causa que o xustifique deixe de acudir as reunións ou non tome parte nos asuntos da Asociación, por un periodo superior a tres meses poderá ser separada/o da Xunta Directiva.

TITULO III DO RÉXIME ECONÓMICO E ADMINISTRATIVO DA ASOCIACIÓN

CAPITULO I. DO RÉXIME ECONÓMICO E ADMINISTRATIVO DA ASOCIACIÓN

Art. 29° RECURSOS ECONÓMICOS

A Asociación é unha Entidade sen Ánimo de Lucro, no momento da súa constitución carecía de fondo social. O patrimonio coincide co recollido nas contas aprobadas anualmente.

Os posibles beneficios obtidos como consecuencia das súas actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins. Constituirán os recursos patrimoniais da Asociación:

- a) As cuotas ordinarias das/os socias/os, que en ningún caso serán reintegrables.
- b) A cuotas extraordinarias que propoña A Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asamblea Xeral.
- c) As donacións ou subvencións que podan conceder Organismos Públicos, Entidades Privadas ou Particulares.
- d) Os donativos e legados que reciba.
- e) Os ingresos que se podan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
- f) Os bens propios, mobles ou inmobles.
- g) As rentas ou intereses dos bens.



- h) Calqueira outra aportación que obteñan para ser destinadas ao cumprimento dos seus fins.

Art. 30° PRESUPOSTOS E BALANCES

A Xunta Directiva, ao finalizar cada exercicio económico, realizará a memoria económica e o balance do ano transcurrido, así como o Presupuesto de ingresos e gastos para o ano seguinte. Ambos documentos contables serán sometidos á Asamblea Xeral para súa aprobación, se procede e se axustarán as normativas vixentes.

En todo caso, a Asociación deberá destinar á realización de seus fins a ol menos o mínimo legalmente esixido polas distintas normativas actuais ou futuras en materia de mecenazgo, asociacións e relativos a utilidade pública, ou as respectivas figuras xurídicas que a estas poidesen substituir, así como dar ao resto de rentas e ingresos o destino previsto por dita normativa e na forma e prazos previstos pola mesma.

En relación coas actividades, rentas, explotacións e demais activos en Xeral, a Asociación aténdrase igualmente aos mesmos límites indicados no párrafo anterior.

Art. 31° EXERCICIO ECONÓMICO

O exercicio asociativo e económico será anual e seu peche terá lugar a 31 de decembro de cada ano.

Art. 32° DISPOSICIÓN DE FONDOS

Para a disposición de fondos das Entidades Bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, deberá ter recoñecidas as sinaturas da/o Presidenta/e, Vicepresidenta/e, Tesoureira/o e xerente para a utilización conxunta de dous de elas/es.

CAPITULO II. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Art. 33° PROCEDIMIENTO DE MODIFICACIÓN



Os presentes Estatutos sóo poderán ser modificados ou substituídos en virtude do acordo da Asamblea Xeral, adoptada a proposta da Xunta Directiva ou en base a petición formulada por dous tercios, a lo menos, das/os socias/os da Asociación, mediante escrito dirixido á mesma debidamente razonado no segundo caso e por decisión da Xunta Directiva por maioría, no primeiro.

O acordo da Asamblea Xeral deberá ser adoptada por maioría cualificada (absoluta/a metade mais un) das/os asociadas/os presentes o representadas/os.

CAPITULO III. DE LA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Art. 34° DISOLUCIÓN

A Asociación se disolverá:

- a) Por vontade das/os asociadas/os, manifestada na Asamblea Xeral Extraordinaria co voto favorable de dous tercios das/os socias/os presentes e representadas/os.
- b) Por causas determinadas no artículo 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial.

Art. 35° COMISIÓN LIQUIDADORA

A liquidación da Asociación practicarase por unha Xunta Liquidadora integrada pola Xunta Directiva. A Asociación conserva súa personalidade durante o período de liquidación.

Liquidados todos os créditos e deudas pendentes, o sobranse de fondos que houbera donarase a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita no rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma, que teña os mesmos ou similares fins e que sexa beneficiaria do mecenazgo de acordo coa lexislación vixente no momento de recibir os bens.

CAPITULO IV. XURISDICCIÓN

Art. 36° XURISDICCIÓN

En todos aqueles casos en que fose legalmente posible a sumisión expresa, a Asociación e todas/os suas/seus socias/os, así como as/os terceiras/os afectadas/os pola Asociación en todos os asuntos en que haxa de ser parte procesal a mesma Asociación, se someten expresamente aos Xulgados e Tribunais de Tui, con renuncia a calqueira outro fuero que poidera corresponderlle.

DISPOSICIÓN FINAL. Todos os prazos sinalados nos presentes estatutos ou nos reglamentos, normas ou acordos dictados para súa aplicación e desenvolvemento se computarán por días naturais, salvo indicación expresa en contra.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Os reglamentos e normas aprobadas ata a data para a aplicación e desenvolvemento dos Estatutos da Asociación continuarán en vigor en tanto non se proceda, no seu caso, a súa modificación para súa adecuación ao ordenamento xurídico vixente, se ben entenderase derogados e terase por non postos todos os preceptos que poidesen resultar contrarios á vixente Lei Orgánica 1/2002, reguladores do Dereito de Asociación, ou aos presentes Estatutos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL. En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicá a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposición complementarias.

DILIXENCIA

Jose Emilio Álvarez Pena, titular da presidencia, e María Luisa Amorín Barbosa, titular da Secretaría de Asociación San Xerome Emiliani, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificación acordadas na asemblea xeral celebrada en data 31 de maio de 2025, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En A Guarda a 31 de maio de 2025.

